

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE DATA 02 DE AGOSTO DE 2023 EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE PROFESOR DE MÚSICA DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).

EXPEDIENTE: 2064/2022

TRIBUNAL:

- | | |
|---|-----------------------------|
| - Presidente: Manuel Carramal Silva | LUGAR: Concello de Lalín |
| - Secretario: Román Pérez García | DATA: 02/08/2023 |
| - Vogais: Antonio Santos Guerra | HORA DE INICIO: 18:15 horas |
| Isabel Areán González | HORA DE REMATE: 18:30 horas |
| Milagros Vázquez García | |
| - Asesores: José Luis Taboada Areán | |
| Benxamín Otero Otero | |
| -Persoal Colaborador: Alba Louzao Rodríguez | |

Enténdese constituído o tribunal posto que existe quórum.

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello

Por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador do presente proceso selectivo, enténdese necesario ter unha reunión previa co gallo de acordar a data e lugar para organizar a proba práctica, a cal consistirá na interpretación dunha peza , sen acompañante.



2.- PERSOAS CONVOCADAS PARA A PROBA

1 PROFESOR/A MÚSICA (A2) (CONCURSO OPOSICIÓN)		
NUM	APELIDOS E NOME	DNI CRIBADO
1.	Diéguez Beltrán, Carlos	***6870**
2.	Santaclara Ríos, Pablo Emilio	***6797**

3.- DATA E LUGAR DO EXAME

Profesor de Música Concurso- Oposición

Establecer a data e o lugar da primeira proba da fase oposición

- > Data: Venres 11 de Agosto do 2023
- > Hora: 13:00 horas
- > Lugar: Auditorio Municipal de Lalín, Rúa Banda de Música de Lalín, nº 10, 36500 Lalín, Pontevedra

4.- ORGANIZACIÓN DO EXAME.

De acordo co Anexo I das bases que regulan o proceso selectivo en cuestión, a fase de oposición consta da realización dun exercicio teórico-práctico que terá un valor de 60 puntos como máximo. Neste caso, o Tribunal decidiu que sería unha proba práctica, consistente na interpretación dunha peza, sen acompañante, cuxa duración máxima será de 10 minutos.

5- FINALIZACIÓN DA SESIÓN:

Ás 18:30 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

